



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, en colaboración co Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI), celebrou esta mañá a xornada “Novidades de financiamento público á I+D+i CDTI-GAIN“, no transcurso da que se presentou o , **PROGRAMA ESTRATÉXICO DE CONSORCIOS DE INVESTIGACIÓN EMPRESARIAL NACIONAL (CIEN)** dotado con 150 millóns de euros nesta convocatoria 2015.

A través desta convocatoria CDTI financia **grandes proxectos de investigación industrial e de desenvolvemento experimental**, en colaboración entre varias empresas, e orientados á realización dunha investigación planificada en áreas estratéxicas de futuro e con potencial proxección internacional. Ademais, **persegue fomentar a cooperación público-privada** no ámbito da I+D, xa que require a subcontratación de organismos de investigación.

Os **beneficiarios** desta axuda son **consorcios empresariais**, formados por un mínimo de tres e un máximo de oito empresas (polo menos dúas delas deben ser autónomas e unha PEME). Os proxectos deben contar ademais cunha **participación relevante de organismos de investigación** (centros públicos de investigación, universidades públicas e privadas e os centros tecnolóxicos e de innovación inscritos no rexistro creado polo RD 2093/2008 de 19 de decembro), de tal xeito que, polo menos, un 15% do orzamento total do proxecto debe estar destinado á subcontratación con organismos de investigación, dos que un debe ser de titularidade pública.

A duración dos proxectos será de entre 3 e 4 anos, o orzamento financiable debe oscilar entre os 7 e os 20 millóns de euros e o orzamento mínimo financiable por cada empresa será de 350.000 euros.

A modalidade de financiamento será a través dunha axuda **parcialmente reembolsable** de até o 75% do orzamento financiable. O tramo non reembolsable será de até o 30% da axuda aprobada por CDTI. Pola súa banda, o tramo reembolsable devolverase nun prazo de 10 anos.

Na primeira convocatoria deste programa, en 2014, dos 18 proxectos financiados, 2 contan con participación galega. A presentación das solicitudes á convocatoria deste ano ten que realizarse a través da **sede electrónica de CDTI** até o 5 de maio de 2015 ás 12.00 horas. A información completa da convocatoria está dispoñible na sección **Financiamento de proxectos de I+D+i** da web de CDTI.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixas pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.